

MOCIÓN DE AER SOBRE ESTABLECIMIENTO DE DETERMINADAS REGLAS DE FUNCIONAMIENTO DO CONCELLO

PLENO 25 AGOSTO 2011. ACTA 16/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

Completado o proceso de organización e adjudicación de soldos respecto dos grupos políticos, desde AER entendemos que, dada a unanimidade expresada por tódolos grupo políticos respecto do control e vixilancia do exercicio do goberno deste Concello, propoñemos que para que eses mecanismos de participación e transparencia sexan reais e efectivos cumpre que se establezan os procedementos que o faciliten.

A proposta expresada nesta moción inclúe algunhas competencias non delegadas expresamente.

TENDO EN CONTA QUE:

Que en virtude do establecido na lexislación vixente ademais das delegacións de competencias na Xunta de Goberno se establezan determinadas REGLAS DE FUNCIONAMENTO.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Respecto da Xunta de Goberno e en virtude do establecido no apartado 2 Art. 43 do Real Decreto **RD 2568/86 ROF**

2. O Alcalde pode efectuar delegacións en favor da Comisión de Goberno, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos adoptados por esta en relación cás materias delegadas, terán ó mesmo valor cás resolucións que dicte o Alcalde no exercicio das atribucións que non delegara, **sen perxuício da súa adopción conforme as regras de funcionamento da Comisión.** E apartado 1 e 4 Art. 44

Artículo 44.

1. Todas as delegacións as que se refire o **artículo anterior** serán realizadas mediante decreto do Alcalde que contendrá o ámbito dos asuntos as que se refire a delegación, as **facultades** que se deleguen, así como as **condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeneral previsto neste regulamento.**

4. **De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre con posterioridade as mesmas**

TAMÉN NA Lei 5/97

Artículo 61.

3. O Alcalde poderá delegar o exercicio das súas atribucións nos membros da Comisión de Goberno e, no caso de que esta non exista, nos Tenientes de Alcalde, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Comisión de Goberno e as mencionadas nas letras b, f, h, j y k do apartado 1 deste articulo.

Ó Alcalde poderá conferir as delegacións especiais para encargos específicos, a favor de calquera Concelleiro, aínda que non pertezca a Comisión de Goberno.

4. O acordo de delegación determinará os **asuntos** que esta comprenda, **as potestades que se deleguen e as condicións concretas do seu exercicio**.

CONDICIÓNS PARA O EXERCICIO DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E REGLAS DE FUNCIONAMENTO ESPECÍFICAS

A) RESPECTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

Competencias delegables:

Aprobar a oferta de emprego público de acordo có Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno.

Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e efectuar as convocatorias.

Resolver os concursos para a provisión dos postos de traballo (Lei 14/2000, de 29 de decembro, MFAOS) e nomear funcionarios de carreira da Corporación, interinos o persoal laboral, a proposta do tribunal, a os que superen as correspondentes probas.

Formalizar os contratos de traballo.

Nomear e cesar o persoal eventual nos térmonos previstos na lexislación vixente.

Informada no Pleno

- A aprobación da oferta pública de emprego, de acordo co orzamento do concello e o cadro de persoal aprobados polo pleno do concello.
- A aprobación das bases das probas para a selección de persoal funcionario e laboral fixo e para os concursos para a provisión de postos de traballo.

B) RESPECTO DE COMPLEMENTOS E OUTRAS GRATIFICACIÓNS

Competencias delegables:

A asignación individualizada do complemento de produtividade e das gratificacións, conforme as normas estatais reguladoras das retribucións do persoal ao servizo das Corporacións Locais.

C) RESPECTO DAS CONTRATACIÓNS

Competencias delegables:

As contratacións, concesións e convenios de toda clase **cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do Presuposto nin, en calquera caso, os 6.010.121 euros**; incluídas as de carácter plurianual cando súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do Presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión **e estén previstos no Presuposto**.

Informada en Pleno:

- A adxudicación definitiva de concesións e contratacións de toda clase, agás obras, non atribuídos ao pleno do Concello, cando a duración non sexa superior a catro anos e o seu importe exceda de 30.050,61 euros.

D) RESPECTO DA ADQUISICIÓN DE BENS MOBLES OU INMOBLES

Competencias delegables:

A adquisición de bens e dereitos cando seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do Presuposto nin os 3.005,060 euros.

A enaxenación do patrimonio que non supere o porcentaxe nin a contía o 10 % dos recursos ordinarios do Presuposto nin os 3.005,060 euros, nos seguintes supostos:

A de bens **inmobles**, sempre que este **prevista no Presuposto**.

A de bens **mobles**, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cal enaxenación non se encontre **prevista no Presuposto**.

Informada en Pleno:

- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, non atribuídos ao pleno do Concello, cando o seu importe exceda de 30.050,61 euros.

E) RESPECTO DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS

Competencias delegables:

O otorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente o Pleno ou a Comisión de Goberno.

Informada en Pleno:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOM non expresamente atribuídas ó Pleno así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.

F) RESPECTO DAS OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

Competencias delegables:

Concertar operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

Reconocer e liquidar obrigas.

Aprobar as facturas que correspondan o desenvolvemento normal do presuposto e que foran recibidas por os servizos de intervención (art. 166.3 LRHL).

G) RESPECTO DOUTRAS COMPETENCIAS DELEGADAS

- A aprobación dos padróns de impostos, taxas e prezos públicos.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

A) RESPECTO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

a) Excluír as contratacións de persoal e delegar as competencias de ditos procedementos nunha **Comisión Informativa específica** con representación de tódolos grupos políticos e que pode ter carácter temporal.

b) Máxima publicidade en tódalas parroquias e antelación suficiente (mi. 15 días) ademais de por outros medios como prensa, web do concello, etc...

c) Criterios de maneira que a competencia, cualificación (profesional e académica) sexan como mínimo un 80% dos méritos. Dita cualificación debe estar sempre directamente relacionada cos postos suxeitos a contratación e/ou oposición, e será establecido en función das competencias que determina cada titulación ou familia profesional

d) Na valoración final os méritos nunca poderán supor unha porcentaxe superior ao 40% da cualificación máxima (40% méritos, 60% proba de acceso). Nunca se contabilizarán como méritos os períodos de contratación anteriores neste ou noutros Concellos.

e) Os tribunais estarán sempre constituídos por_

- a. Membros cualificadores, expertos independentes
- b. Membros supervisores do proceso, non cualifican, só supervisan.

f) O persoal eventual e contratado nunca será renovado automaticamente, sempre mediante un proceso público transparente e con criterios claros e coñecidos.

g) Computarase con un 10% a situación persoal/familiar, tendo en conta o risco de precariedade e exclusión social.

h) Cumprir coa normativa respecto da integración de persoas con minusvalías e/ou discapacidade.

B) RESPECTO DE COMPLEMENTOS E OUTRAS GRATIFICACIÓNS

a) Todos os complementos serán públicos e xustificados, tanto os de carácter xeral como os temporais ou excepcionais.

b) Recadarase a participación dos funcionarios dos diferentes departamentos e terase en conta as súas aportacións.

C) RESPECTO DAS CONTRATACIÓNS

a) Obrigación de non subcontratar. Calquera empresa que opte á realización dunha obra municipal deberá realizala cos seus propios empregados, só excepcionalmente e previa xustificación poderá subcontratar empregados por un máximo do 20% do total. O incumprimento suporá que non volva a ser contratada (1ª vez: 1 ano, 2ª 2 anos, 3ª exclusión total da empresa e de calquer outra na que figure algún dos mesmos xefes ou accionistas maioritarios)

b) Creación dunha base de datos onde consten os datos das empresas interesadas segundo ámbito de servizos que ofrezan: servizos que presta, e-mail, e datos de interese **de maneira que calquer obra que se vaia realizar sexa ofertada a tódalas empresas pertencentes ó Concello que oferten ese servizo.**

c) As empresas que estén compostas por maior empregados do municipio serán compensadas.

d) As cooperativas terán unha valoración especial e puntuarase dependendo da porcentaxe de cooperativistas coa condición de traballadores. Potenciarase a creación e desenvolvemento de cooperativas locais de autoemprego.

e) Publicación **trimestral** das obras contratadas, empresas as que se lle adjudicaron as obras e custe de ditas obras.

f) Publicación dun **dosier anual** coas obras realizadas e empresas adjudicatarias, desglosando importe por obras e empresas

D) RESPECTO DA ADQUISICIÓN DE BENS MOBLES OU INMOBLES

a) Creación dunha base de datos onde consten os datos da empresa, servizos que presta, e-mail, e datos de interese de maneira que calquer compra que se vaia realizar sexa ofertada a tódalas empresas deste Concello que ofrezan ese servizo

b) Publicación trimestral das compras realizadas, empresas as que se lle adjudicaron as compras e custe de ditas compras, así como un balance anual xeral desglosando importes segundo compras e empresas que prestaron ditos servizos.

c) Valoración especial para empresas cooperativas do concello.

E) RESPECTO DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS

a) Toda licenza terá unha exposición pública previa tanto nos locais municipais **como nos lugares próximos aos que se vaia executar** así como unha comunicación a tódolos portavoces dos grupos políticos. Facilitando e dando a coñecer as alegacións que se presenten. Ditas alegacións faranse constar na otorgación da licenza.

b) Toda licenza deberá levar a preceptiva sinatura do técnico correspondente onde conste que dita licenza cumpre a normativa establecida.

c) Toda licenza estará suxeita a control unha vez rematada a obra ou iniciado o servizo para o que foi concedida e asinado un informe polo técnico correspondente.

d) Compromiso de sinatura polo responsable cunha demora máxima dun mes unha vez executada e presentada a solicitude definitiva de aprobación conforme a obra ou servizo se corresponde coa licenza solicitada inicialmente.

F) RESPECTO DAS OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

a) Sempre se comunicarán ós voceiros de tódolos grupos da Corporación, xunto coa motivación, **con carácter previo.**

G) RESPECTO DOUTRAS COMPETENCIAS DELEGADAS

a) Sempre se comunicarán ós voceiros de tódolos grupos da Corporación, xunto coa motivación, **con carácter previo.**

H) A resolución dos recursos interpostos contra os acordos da Xunta de Goberno e o exercicio das accións xudiciais ou administrativas en asuntos da súa competencia, agás casos de urxencia.

a) Sempre se comunicarán ós voceiros de tódolos grupos da Corporación, xunto coa motivación, **con carácter previo.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

A moción QUEDA SOBRE A MESA